

SAL. 001210 02.02.12 09:09

RESOLUCIÓN REITORAL DO 01/02/2012 POLA QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO SOBRE RECOÑECIMENTO DE CRÉDITOS AO ABEIRO DO ARTIGO 12.8 DO REAL DECRETO 1393/2007, DO 29 DE OUTUBRO; A ACREDITACIÓN DO COÑECEMENTO DE LINGUA ESTRANXEIRA PARA A OBTENCIÓN DO TÍTULO DE GRAO NA USC, E O RECOÑECIMENTO DE CRÉDITOS DE IDIOMAS COMO CRÉDITOS TRANSVERSAIS

O Real Decreto 1393/2007, no seu artigo 12.8, establece que “De acordo con artigo 46.2.i.) da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro de universidades, os estudantes poderán obter recoñecemento académico en créditos pola participación en actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación até un máximo de 6 créditos do total do plan de estudos cursados”. Esta norma tamén permite o recoñecemento de créditos por realización de actividades transversais.

Para estes efectos a Universidade de Santiago de Compostela aprobou unha regulación mediante Acordo do Consello de Goberno do 4 de xullo de 2008 no que se estableceron as competencias que poderían ser obxecto de recoñecemento, así como as bases do procedemento de recoñecemento.

Este acordo foi desenvolvido por Resolución Reitoral do 5/05/2009 concretouse o procedemento de recoñecemento de créditos ao abeiro do artigo 12.8 do Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro.

Posteriormente por Resolución Reitoral do 14/12/09 se modifica o anexo I do citado Acordo do Consello de Goberno do 4 de xullo de 2008, en particular no relativo as actividades solidarias e de cooperación.

Por último o Consello de Goberno de 22 de decembro de 2011 modifica substancialmente o acordo de 4 de xullo de 2008 en especial en materia de linguas e de procedemento. O propio Acordo establece que se autoriza a realización dun texto refundido coas modificacións operadas ata a data.

Deste xeito neste acordo se integra ademais do recoñecemento de créditos por aplicación do artigo 12.8, a acreditación do coñecemento de lingua estranxeira para a obtención do título de grao, así como o recoñecemento de créditos de idiomas como créditos transversais que figuran no acordo do Consello de Goberno, e se actualizan as denominacións dos cargos académicos.

Por todo o anterior se aproba o texto refundido sobre **RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS AO ABEIRO DO ARTIGO 12.8 DO REAL DECRETO 1393/2007, DO 29 DE OUTUBRO; A ACREDITACIÓN DO COÑECEMENTO DE LINGUA ESTRANXEIRA PARA A OBTENCIÓN DO TÍTULO DE GRAO NA USC, E O RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS DE IDIOMAS COMO CRÉDITOS TRANSVERSAIS**

Artigo 1.- Competencias universitarias

Se recoñecerán para as titulacións de Grao as competencias adquiridas polo alumnado pola participación en actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación até un máximo de 6 créditos do total do plan de estudos cursados.

Os créditos que se recoñecerán conforme as actividades realizadas, serán os que figuran no Anexo I deste Acordo. O contido deste anexo poderase modificar por Resolución Reitoral.

O recoñecemento será efectivo unha vez que se acredite a súa realización e sempre que os alumnos e alumnas realicen un programa de formación que se fixará por Resolución Reitoral.

Soamente se recoñecerán actividades desenvolvidas durante o tempo en que o solicitante foi estudante universitario.

O recoñecemento das novas actividades só será efectivo unha vez se aproben mediante Resolución Reitoral.

Artigo 2.- Procedemento de imputación

O procedemento de imputación tramitarase por un destes procedementos, de conformidade coa Resolución Reitoral do 5/05/2009:

a) Solicitud do interesado/a perante os órganos correspondentes, indicando os datos de realización das actividades a recoñecer, expedición da credencial e remisión á Unidade de Xestión Académica correspondente e imputación no expediente do alumno/a, previo abono das taxas correspondentes.

b) Realización da matrícula na actividade correspondente con abono dos prezos, acreditación da realización mediante a acta correspondente ou certificación e imputación no expediente do alumno/a.

Artigo 3.-.Competencias lingüísticas

De conformidade coas liñas xerais da USC para as novas titulacións de Grao, o alumnado deberá acreditar competencias transversais, entre elas as competencias lingüísticas. Para o recoñecemento e imputación destas competencias estarase ao disposto no Anexo II desta Resolución. O contido deste anexo poderase modificar por Resolución Reitoral.

O procedemento de imputación será o establecido neste acordo.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA.-

Nos procedementos de recoñecemento de estudos por cambio de plan (de estudos realizados ao abeiro do Real decreto 1497/1987 a estudos estruturados conforme ao real Decreto 1393/2007), recoñeceranse de oficio todos os créditos de actividades culturais, deportivas, etc. organizadas pola USC e realizados como créditos de libre configuración, ata un máximo de seis créditos ECTS.

Estes créditos figurarán no expediente como créditos do artigo 12.8 do Real Decreto 1393/2007.

Aqueles créditos de libre elección que se utilizasen para o recoñecemento doutras materias ou competencias no grao, non poderán ser considerados dentro deste apartado.

Os recoñecementos de estudos por cambio de plan realizados con anterioridade á aprobación desta norma será revisados de oficio ou a instancia de parte e recoñecidas estas competencias.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2012



O REITOR



Juan J. Casares Long

SRA. SECRETARIA XERAL- SRA VICERREITORA DE TITULACIÓN E PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR-SRES. DECANOS E DIRECTORES DE CENTROS-SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA- SRA. XEFA DO SERVIZO DE XESTIÓN DA OFERTA E PROGRAMACIÓN ACADÉMICA- SRA. XEFA DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA- SRA. XEFA DO SERVIZO DE ASESORÍA XURÍDICA- SRES/AS XEFES/AS DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA- SRES/AS RESPONSABLES DE APOIO Á XESTIÓN DE CENTROS E DEPARTAMENTO- SRA. XEFA DA OFICINA DE ANÁLISE DE RECLAMACIÓN- SRA. DIRECTORA DO CLM- SR. XEFE DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA- SR. DIRECTOR DA ÁREA DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN-

ANEXO I

ACTIVIDADES SUBSCEPTIBLES DE RECOÑECEMENTO POR CREDITOS ECTS AO ABEIRO DO ARTIGO 12.8 DO REAL DECRETO 1393/2007

ACTIVIDADES DE REPRESENTACIÓN ESTUDIANTIL

1.- A representación estudantil poderá dar lugar a imputación de créditos sempre que se realice efectivamente e fose designado como

- Representante do alumnado no Claustro/ Consello de Goberno
- Representante do alumnado en Departamentos/Institutos/Xunta de Centro
- Exerza Cargos académicos

2.- O número de créditos que se poden recoñecer dependerá do período de exercicio da representación, a razón de 1,5 créditos por ano.

3.- Para estes efectos os interesados/as solicitarán o recoñecemento perante a Secretaría Xeral indicando as datas de nomeamento e cese. A Secretaría Xeral ou a Secretaría do órgano que corresponda acreditará a realización efectiva da representación ou do cargo para o que foi nomeado e procederá a expedir a correspondente credencial.

ACTIVIDADES DEPORTIVAS

Os estudantes da USC poderán cursar créditos a través dos programas que se detallan a continuación:

1.- ESCOLAS DEPORTIVAS DA USC

Aos alumnos e alumnas que participen nas escolas deportivas da USC e asistan durante todo o ano a clases dirixidas por persoal cualificado e reciben un proceso formativo cunha programación estruturada e que pode ser avaliable se lles outorgará un 1 crédito por cada 25 horas de duración.

2.- DINAMIZADORES/AS DE ACTIVIDADES FÍSICO-DEPORTIVAS EN ESCOLAS E FACULTADES

As alumnas e alumnos de Escolas e Facultades que desenvolvan labores de dinamización das actividades físico-deportivas promovidas desde a Vicerreitoría de Cultura coordinando en cada centro a difusión da información sobre os distintos programas e accións que esta leve a cabo realizando unha memoria final das actividades desenvolvidas se lles outorgará 3 créditos anuais.

3.- DEPORTISTAS DE RENDEMENTO DA USC

Os deportistas de alto rendemento da USC polo proceso de formación, avaliación e representación nas competicións que se indican obterán os seguintes créditos:

- Xogos Olímpicos e Campionatos do Mundo Universitarios ou federados, 6 créditos
- Campionatos de Europa federados, 5 créditos,
- Campionatos de España Universitarios e federados, 3 créditos
- Xogos Galaico-Durienses, 1 crédito
- Campionatos de Galicia (por selección), 1 crédito

Os interesados/as solicitarán o recoñecemento perante a Vicerreitoría de Cultura indicando a actividade e o período. Acreditada a participación efectiva, procederase a expedición da credencial correspondente asinada polo vicerreitor.

ACTIVIDADES CULTURAIS

Os estudantes da USC poderán cursar créditos a través dos programas que se detallan a continuación:

1.- COMPAÑÍAS DA AULA DE TEATRO

Aos alumnos e alumnas que integren as Compañías da Aula Teatro da USC e dediquen como mínimo 150 horas cada curso académico a esta actividade se lles outorgarán 6 créditos pola participación de forma regular durante o curso académico.

2.- CORO UNIVERSITARIO

Aos alumnos e alumnas que integren o Coro Universitario e dediquen como mínimo 100 horas cada curso académico se lles concederán 4 créditos pola participación de forma regular durante o curso académico.

3.- ESPAZO DE DANZA

Aos alumnos e alumnas que integran o Espazo de Danza e dediquen como mínimo 50 horas cada curso académico a esta actividade se lles concederán 2 créditos pola participación de forma regular durante o curso académico.

4.- CURSOS DE TEATRO, DANZA E FOTOGRAFÍA

Ao alumnado que realice Programas formativos relacionados coa arte dramática, coa danza e coa fotografía de distintas duracións e contidos se lles concederá un 1 crédito por cada 25 horas de duración.

5.- CURSOS DE VERÁN

Ao alumnado que realice estes Cursos organizados pola USC se lle concederán 2 créditos por cada curso de 25 ou máis horas lectivas e 1 crédito polas actividades de menos de 25 horas. O Vicerreitorado competente en materia de Cultura, previo análise da documentación procederá á expedición da correspondente acreditación.

Ao alumnado que realice Cursos de Verán en outras Universidades do Sistema Universitario de Galicia ou de Universidades que impartan este tipo de actividades, se lle concederán 2 créditos por cada curso de 25 ou máis horas lectivas, previa presentación da documentación que acredite a duración do Curso e o seu contido lectivo, e sempre que nas

outras universidades se recoñezan tamén os cursos de verán realizados na Universidade de Santiago de Compostela. Os interesados deberán aportar acreditación fehaciente perante a Unidade de Xestión Académica para a súa imputación.

6.- AGRUPACIÓNS DE ESTUDANTES QUE DESENVOLVEN ACTIVIDADES MUSICAIS, ESCÉNICAS E OUTRAS DE CARÁCTER CULTURAL

Ao estudantado con participación en colectivos e agrupacións de estudantes que desenvolvan actividades musicais, escénicas e outras de carácter cultural que, segundo o criterio da Vicerreitoría, realicen unha actividade regular e continuada durante o curso académico se lle concederá ata un máximo de 2 créditos.

Os interesados/as solicitarán o recoñecemento perante a Vicerreitoría de Cultura indicando a actividade e o período. Acreditada a participación efectiva, procederase á expedición da credencial correspondente asinada polo Vicerreitor.

ACTIVIDADES SOLIDARIAS E DE COOPERACIÓN

Se reconecerán actividades de participación social da USC as actividades realizadas, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

a.- Persoal voluntario

- Participar con aproveitamento no Curso de Formación Básica en Voluntariado ou o Curso on-line de Formación Básica en Voluntariado que se desenvolverá segundo os contados dos xa aprobados por Resolución Reitoral, e cos códigos de actividade 2008/183 e 2009/154, nas datas e lugares que se anuncien cada ano académico. Este curso de carácter obrigatorio realizarase sempre con carácter previo á participación en calquera tipo de proxecto, con independencia do ámbito de intervención (inclusión social, saúde apoio á diversidade, sostibilidade, natureza e medio ambiente, cooperación internacional, ou calquera outro de natureza e medio ambiente, cooperación internacional, ou calquera outro de natureza análoga).
- Formar parte do Rexistro de Persoal Voluntario da USC, dependente da Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Formación Continua.

b.- Participación en proxectos

- Participar nos proxectos de carácter social e cooperación ao desenvolvemento coordinados polo Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU) dependente da Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Formación Continua.
 - Participar nalgún dos proxectos das entidades de iniciativa social coas que a USC ten asinado convenio de colaboración para desenvolver programas de voluntariado, ou con calquera outra legalmente constituída que así o solicite. Quen teña colaborado en proxectos desta natureza coordinador pola súa Universidade de procedencia deberá realizar en calquera das modalidades, os cursos xa sinalados con anterioridade. Poderán ser dispensadas de realizar a formación aquelas persoas que acrediten ter superado o curso de formación básica noutra universidade, sempre e cano exista reciprocidade no reconecemento da formación para o alumnado da USC.

c.- Campus Virtual

- Participar con aproveitamento nas Actividades de Participación Social da USC s través das ferramentas habilitadas no campus virtual, facilitando a xestión e a avaliación das actividades propostas. As tarefas de carácter obrigatorio (traballos, cuestionarios, foros) etc... serán marcadas polo Servizo de Participación e Integración Universitaria.

O tempo mínimo de colaboración para o recoñecemento será de 25 horas e o recoñecemento farase a raíz dun crédito por cada 25 horas ate un máximo de tres por ano académico. Soamente se poderán imputar un máximo de seis créditos polas colaboracións neste tipo de actividades.

O procedemento de imputación será o establecido no artigo 2 deste acordo.

3.- No caso do programa de Bolsas de Sostibilidade, Participación e integración Universitaria”:

- a) Se recoñecerán 3 créditos o ter disfrutado dunha das bolsas sempre que o informe da unidade que coordinou as bolsas durante o curso académico en cuestión (xeralmente Ofician de Desenvolvemento Sostible da USC) sexa positivo, mostrando así que se cumpriron a lo menos un 70% das tarefas asociadas á bolsa. Soamente se emitirá o recoñecemento si se disfrutou da bolsa durante a totalidade da convocatoria do curso do que se trate.
- b) Non se outorgará recoñecemento algún se o estudante foi cesado da bolsa por incumprimento das súas funcións como bolseiro/a.
- c) Se recoñecerán, un total de 3 créditos por curso académico ata que se achegue ao máximo de 6 créditos.

4.- No caso do programa Titores: recoñeceranse 6 créditos a aqueles alumnos que realicen integramente este programa nos dou últimos cursos do grao, sen que sexa posible a valoración dunha soa das partes do programa

Para ter constancia do cumprimento, farase un seguimento da labor desenvolvida e os alumnos deberán facer un informe ao finalizar cada curso.

ANEXO II

ACREDITACIÓN DO COÑECEMENTO DE LINGUA ESTRANXEIRA PARA A OBTENCIÓN DO TÍTULO DE GRAO NA USC

1. Necesidade de acreditación do nivel B1

Os estudantes de todas as titulacións de Grao deberán acreditar obrigatoriamente, para a obtención do seu título, o coñecemento do nivel B1 (Marco Común Europeo para o ensino, aprendizaxe e avaliación das linguas, nivel soleira) dunha lingua estranxeira.

Para poder ser admitido no máster que habilite para o exercicio das profesións de Profesor de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas é necesario acreditar previamente a matrícula definitiva o coñecemento do nivel B1 dunha lingua estranxeira.

2. Acreditación de idiomas de alumnado estranxeiro

Os alumnos e alumnas estranxeiros deberán acreditar o coñecemento dunha lingua diferente á súa lingua materna. Para estes efectos poderase acreditar o coñecemento do castelán, da lingua galega, catalán ou euskera.

3. Acreditación de idiomas estranxeiros

3.1. Os alumnos e alumnas que finalicen un grao na USC que inclúa un *major* ou *minor* dunha lingua estranxeira terán automaticamente recoñecido este coñecemento, non sendo necesario acreditalo.

3.2. Tamén estarán exentos de acreditar o coñecemento dunha lingua estranxeira os Licenciados e Licenciadas en Filoloxía pola USC, que inclúan o estudo dunha lingua estranxeira como materia obrigatoria para obter a titulación e os Mestres e Mestras en Lingua Estranxeira, a Licenciatura de Humanidades así como os que teñan superadas materias dunha lingua estranxeira noutras titulacións, sempre que proporcionen competencias lingüísticas instrumentais e o número mínimo de créditos da totalidade destas materias dunha mesma lingua sexa de 27 créditos, computándose, para estes efectos, unicamente as materias propias desa titulación.

3.3 Se poderán recoñecer as competencias lingüísticas do nivel B1 polos idiomas ordinarios e técnicos que se imparten en diversas titulacións

como créditos libre configuración curricular sempre que se cursaran un mínimo de 27 créditos nun mesmo idioma.

3.4. Poderán recoñecerse as competencias de nivel B1 dos títulos establecidos no anexo A do presente acordo. A actualización deste anexo realizarase por resolución reitoral.

3.5. Recoñeceranse os documentos acreditativos de superación do B1 expedidos por universidades públicas españolas.

3.6 Os demais alumnos deberán acreditar o coñecemento dunha lingua estranxeira por calquera dos seguintes procedementos:

a.- Proba de competencia lingüística.

A Universidade de Santiago de Compostela convocará todos os anos probas das linguas que oferta regularmente para a acreditación do nivel B1 dunha lingua estranxeira. As convocatorias poderán figurar na convocatoria de matrícula xeral.

A estas probas poderán presentarse tanto os alumnos e alumnas da USC como persoas alleas.

A cualificación das devanditas probas será de *apto* ou *non apto*.

A cumprimentación das actas realizarase conforme as normas que aprobe a Secretaría Xeral. Recepcionadas as actas na Unidade de Xestión Académica o resultado das probas figurará nos expedientes académicos coa seguinte mención “*Nivel B1 Idioma....., acreditado mediante a superación dunha proba no Centro de Linguas Modernas desta Universidade*”.

Así mesmo, a superación destas probas dará dereito a expedición dun diploma no que constará a información relativa aos coñecementos acreditados, conforme ao modelo que se acompaña.

b.- Recoñecemento do B1 pola realización e superación de probas de idiomas en programas de mobilidade.

Estarán exentos de realizar a proba de competencia lingüística B1 aqueles alumnos que estean a cursar estudos de grao (ou máster onde se esixa), que realizaran e superaran as probas de idioma previas a un programa de mobilidade e que realizaran a dita mobilidade, cumprindo os requisitos establecidos.

As Unidades de Xestión Académica incorporarán, despois da realización da mobilidade, os resultados destas probas nos expedientes dos alumnos de grao no apartado de “outros estudos”, indicando o nivel que acadaran nos distintos idiomas e o grao ó que se corresponden (B1, B2, C1 ou C2).

c.- Recoñecemento doutros títulos acreditativos de nivel de linguas estranxeiras

Para o recoñecemento doutros títulos ou diplomas non contemplados no anexo A deste acordo ou nos supostos establecidos nos apartados 3.1, 3.2, 3.3, 3.4 e 3.5 do presente acordo, os interesados deberán solicitar perante as Unidades de Xestión Académica o recoñecemento do seu título, diploma ou certificación de lingua estranxeira acompañado do título orixinal, da que se fará copia compulsada, para a súa comprobación e trámite.

O recoñecemento solicitado aprobarase ou denegarase, previo informe do CLM e cos informes que se considere oportuno solicitar, mediante resolución reitoral da USC no prazo máximo de tres meses.

Terán preferencia de resolución as peticións de alumnos que soliciten praza no Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas, que deberá resolverse antes do inicio do prazo de solicitudes de admisión neste máster.

Nos expedientes académicos figurará a seguinte mención “*Nivel B1 Idioma....., acreditado mediante previo recoñecemento polo Centro de Linguas Modernas desta Universidade*”.

Na páxina web do CLM poderase publicar un listado dos títulos recoñecidos e non recoñecidos.

4. Acreditación do nivel B2 e superiores e efectos no expediente

Os alumnos e alumnas que acrediten o nivel B2 dunha lingua estranxeira de acordo co establecido no Marco Común Europeo de Referencia poderán obter 2 créditos ECTS, os que acrediten o nivel C1 3 créditos ECTS e os que acrediten o nivel C2 4 créditos ECTS. Esta acreditación poderase facer por calquera dos procedementos anteriormente descritos. O Centro de Linguas Modernas determinará os títulos equivalentes a este nivel. En todo caso recoñeceranse as acreditacións que se indican no anexo B do presente acordo. Este anexo poderá actualizarse mediante resolución reitoral.

Para o recoñecemento doutros títulos ou diplomas o interesado/a deberá solicitar perante as Unidades de Xestión Académica o recoñecemento do seu título, diploma ou certificación de lingua estranxeira acompañado do título orixinal, da que se fará copia compulsada, para a súa comprobación e trámite.

O recoñecemento solicitado estimarase ou denegarase, previo informe do CLM e cos informes que se considere oportuno solicitar, mediante resolución reitoral da USC no prazo máximo de tres meses.

Para a imputación no expediente do recoñecemento do nivel B2 e superiores o alumnado deberá proceder ao pagamento dos créditos a recoñecer. No expediente académico figurarán recoñecidos baixo o epígrafe “*Competencias transversais: Idioma* (indicación do idioma acreditado), cursos realizados ou diploma acreditado, número e tipo de créditos recoñecidos e a mención de “*recoñecido*”.

Os alumnos e alumnas poderán incluír no seu expediente a acreditación de varios idiomas, tanto de nivel B1 como dos superiores. Neste último caso o máximo de créditos a imputar será de 6 ECTS.

5.- Recoñecemento como créditos transversais doutras Linguas

Ao alumnado que teña recoñecido o nivel B1 ou superiores dunha lingua estranxeira poderáselle recoñecer 1 crédito transversal pola superación de Cursos do CLM doutros idiomas diferentes aos que teña recoñecido por B1 ou superiores. Recoñecerase 1 crédito transversal por cada dous cursos de 40 horas o un curso de 80 horas, ata un máximo total de tres créditos.

O procedemento de recoñecemento será o establecido no apartado anterior.

6.- Recoñecemento de créditos de Lingua Galega

Ao alumnado que procede de lugares situados fóra da Comunidade Autónoma de Galicia e que non accedera á USC dende centros de bacharelato da devandita Comunidade, seranlles recoñecidos 1 crédito adicional si acreditan o nivel A2 de lingua galega, 2 si acreditan o nivel B1 e 3 se acreditan o nivel B2 ou superiores, de acordo co establecido no Marco Común Europeo de referencia para as Linguas. A estes efectos, o Servizo de Normalización Lingüística establecerá todos os anos unha proba de nivel. Ao alumnado se lle cualificará de *apto* ou *non apto*.

A inscrición na proba farase no mes anterior ao da súa realización, a través da secretaría virtual. O alumno deberá acreditar que procede de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia e que non accedeu á USC desde centros de bacharelato desta Comunidade.

O Servizo de Normalización Lingüística determinará o lugar e as datas para a realización da proba de idioma.

Recepcionadas as actas na Unidade de Xestión Académica, os alumnos poderán solicitar o recoñecemento dos créditos que lles correspondan, para o que deberán proceder a efectuar o pagamento dos créditos a recoñecer.

No expediente académico figurarán os créditos recoñecidos baixo o epígrafe "*Competencias transversais: Lingua Galega, número e tipo de créditos recoñecidos e a cualificación de apto*".

Os alumnos de fóra de Galicia que xa superaran o curso de galego Celga 2 ou superior, poderán solicitar o recoñecemento do nivel B1 na Unidade de Xestión Académica, sen ten que realizar a proba, procedendo a efectuar o pagamento dos créditos a recoñecer. Neste caso, no expediente académico figurarán os créditos recoñecidos baixo o epígrafe "*Competencias transversais: Lingua Galega, curso Celga 2, número e tipo de créditos recoñecidos e a mención de recoñecido*".

7.- Xestión de actas.

A cumprimentación das actas axustarase ao disposto na Instrución 2/2007 da Secretaría Xeral sobre elaboración informática, cobertura, tramitación, custodia e modificación das actas dos estudos da USC.

As unidades administrativas encargadas da xestión das actas serán: a Unidade de Xestión Académica do Campus Sur, para as probas que se realicen no Campus de Santiago de Compostela, e a Unidade de Xestión Académica de Lugo para as probas que se realicen no Campus de Lugo.

8.- Prezos

As tarifas pola realización das probas será de 10 euros para os alumnos de Grao e para o resto dos alumnos de licenciatura ou equivalente será de 30 euros. A realización desta proba con dereito a acreditación específica para os que non sexan alumnos da USC implicará o pagamento dunha tarifa de 50 euros. Anualmente estes dereitos

poderán ser actualizados polo Consello Social a proposta do Consello de Goberno.

O importe para o recoñecemento dos créditos de idiomas non obrigatorios para obter o título será do 25% do prezo establecido no Decreto de prezos públicos por cada crédito en función da titulación de Grao para a que son recoñecidos, sendo de aplicación as mesmas subvencións, reducións e exencións que as establecidas para a matrícula. A liquidación efectuarase pola totalidade dos créditos a recoñecer.

ANEXO A: Diplomas admitidos para o recoñecemento do nivel B1 dunha lingua estranxeira

Inglés

CLM (Centro de Linguas Modernas da USC): Nivel 5 (B1.2) ou superior
Documentos acreditativos de superación do B1 ou superiores expedidos polas universidades públicas españolas

EOI (Escola Oficial de Idiomas): Certificado de Nivel Intermedio 2 (R.D.1629/2006) e 3º curso Ciclo Elemental (R.D. 967/1988) ou superior

Diploma PET (Preliminary English Test)

Diploma FCE (First Certificate in English)

Diploma CAE (Certificate in Advanced English)

Diploma CEP (Certificate of English Proficiency)

Diploma BEC 1: Preliminary ou superior

TOEFL PBT: 457 puntos ou superior

TOEFL CBT: 137 puntos ou superior

IBT TOEFL: 57 puntos ou superior

TOEIC: 550 puntos ou superior

IELTS: 3.5/4.0/4.5 ou superior

TRINITY: ISE I ou superior

BULATS: 40 puntos ou superior

LTE: Level 2

TELC: B1

Francés

CLM (Centro de Linguas Modernas da USC): Nivel 5 (B1.2) ou superior
Documentos acreditativos de superación do B1 ou superiores expedidos polas universidades públicas españolas

EOI (Escola Oficial de Idiomas): Certificado de Nivel Intermedio 2 (R.D.1629/2006) e 3º curso Ciclo Elemental (R.D. 967/1988) ou superior

Diploma DELF B1 (*Diplôme d'Études en Langue Française*) ou superior

Diploma TCF Niveau 3 (300-399 pts)

Diploma Alliance Française CEFP 2 (*Certificat d'Études en Française Pratique 2*)

Alemán

CLM (Centro de Linguas Modernas da USC): Nivel 5 (B1.2) ou superior
Documentos acreditativos de superación do B1 ou superiores expedidos polas universidades públicas españolas

EOI (Escola Oficial de Idiomas): Certificado de Nivel Intermedio 2 (R.D.1629/2006) e 3º curso Ciclo Elemental (R.D. 967/1988) ou superior

Diploma ZD (*Zertifikat Deutsch*) ou superior

Diploma (ZD j) (*Zertifikat Deutsch für Jugendliche*) ou superior

Italiano

CLM (Centro de Linguas Modernas da USC): Nivel 2 (B1.2) ou superior
Documentos acreditativos de superación do B1 ou superiores expedidos polas universidades públicas españolas

EOI (Escola Oficial de Idiomas): Certificado de Nivel Intermedio 2 (R.D.1629/2006) e 3º curso Ciclo Elemental (R.D. 967/1988) ou superior

Diploma CELI 2 (Certificato di Conoscenza della Lingua Italiana Livello 2) ou superior

Diploma CILS 1 ou superior

Diploma PLIDA B1 ou superior

Portugués

CLM (Centro de Linguas Modernas da USC): Nivel 2 (B1.2) ou superior
Documentos acreditativos de superación do B1 ou superiores expedidos polas universidades públicas españolas

EOI (Escola Oficial de Idiomas): Certificado de Nivel Intermedio 2 (R.D.1629/2006) e 3º curso Ciclo Elemental (R.D. 967/1988) ou superior

DEPLE (Diploma Elemental de Português Língua Estrangeira) ou superior

ANEXO B: Diplomas admitidos para o recoñecemento do nivel B2 dunha lingua estranxeira

Inglés

CLM (Centro de Linguas Modernas da USC): Nivel 7 (B2.2) ou superior
Documentos acreditativos de superación do B2 ou superiores expedidos polas universidades públicas españolas

EOI (Escola Oficial de Idiomas): Certificado de Nivel Avanzado 2 (R.D. 1629/2006) e 2º curso Ciclo Superior (R.D. 967/1988)

Diploma FCE (First Certificate in English) ou superior

Diploma BEC 2: Vantage ou superior

Diploma ICFE Vantage ou superior

Diploma ILEC ou superior

TOEFL PBT: 502 puntos ou superior

TOEFL CBT : 178 puntos ou superior

TOEFL IBT: 87 puntos ou superior

TOEIC: 750 puntos ou superior

IELTS: 5.0/5.5/6.0 ou superior

TRINITY: ISE II ou superior

BULATS: 60 puntos ou superior

LTE: Level 3

University of Michigan: Certificate of Competency in English B2

Francés

CLM (Centro de Linguas Modernas da USC): Nivel 7 (B2.2) ou superior
Documentos acreditativos de superación do B2 ou superiores expedidos polas universidades públicas españolas

EOI (Escola Oficial de Idiomas): Certificado de Nivel Avanzado 2 (R.D. 1629/2006) e 2º curso Ciclo Superior (R.D. 967/1988)

Diploma DELF B2 (*Diplôme d'Études en Langue Française*) ou superior

Diploma TCF Niveau 4 B2 (400-499 pts)

Diploma Alliance Française DLF B2 (*Diplôme de Langue Française*)

Alemán

CLM (Centro de Linguas Modernas da USC): 7 (B2.2) ou superior
Documentos acreditativos de superación do B2 ou superiores expedidos polas universidades públicas españolas

EOI (Escola Oficial de Idiomas): Certificado de Nivel Avanzado 2 (R.D. 1629/2006) e 2º curso Ciclo Superior (R.D. 967/1988)

Diploma Goethe-Zertifikat B2 ou superior

Diploma (ZDfB) (*Zertifikat Deutsch für den Beruf*) ou superior

Diploma DSH -1

Diploma MD (*Mittelstufe Deutsch*)

Italiano

CLM (Centro de Linguas Modernas da USC): Nivel 4 (B2.2) ou superior
Documentos acreditativos de superación do B2 ou superiores expedidos polas universidades públicas españolas

EOI (Escola Oficial de Idiomas): Certificado de Nivel Avanzado 2 (R.D. 1629/2006) e 2º curso Ciclo Superior (R.D. 967/1988)

Diploma CELI 3 (Certificato di Conoscenza della Lingua Italiana Livello 3) e superiores

Diploma CILS 2 ou superior

Diploma PLIDA B2 ou superior

Portugués

CLM (Centro de Linguas Modernas da USC): Nivel 4 (B2.2) ou superior
Documentos acreditativos de superación do B2 ou superiores expedidos polas universidades públicas españolas

EOI (Escola Oficial de Idiomas): Certificado de Nivel Avanzado 2 (R.D. 1629/2006) e 2º curso Ciclo Superior (R.D. 967/1988)

DIPLE (Diploma Intermédio de Português Língua Estrangeira) ou superior

ANEXO C: Diplomas admitidos para o recoñecemento do nivel C1 dunha lingua estranxeira

Inglés

CLM (Centro de Linguas Modernas da USC): Nivel 9 (C1.2) ou superior
Documentos acreditativos de superación do C1 ou superiores expedidos polas universidades públicas españolas
Diploma CAE (Certificate in Advanced English) ou superior
Diploma BEC 3: Higher
Diploma ICFE Effective Operational Proficiency
Diploma ILEC Effective Operational Proficiency
TOEFL PBT: 560 puntos ou superior
TOEFL CBT : 220 puntos ou superior
IBT TOEFL: 110 puntos ou superior
IELTS: 6.5 ou superior
TRINITY: ISE III ou superior
BULATS: 75 puntos ou superior
LTE: Level 4
TELC: C1

Francés

Documentos acreditativos de superación do C1 ou superiores expedidos polas universidades públicas españolas
Diploma DALF C1 (Diplôme Approfondi de Langue Française) ou superior
Diploma TCF Niveau 5 C1 (500-599 pts)
Diploma Alliance Française DS C1 (*Diplôme Supérieure d'Études Françaises Modernes*)

Alemán

Documentos acreditativos de superación do C1 ou superiores expedidos polas universidades públicas españolas
Diploma Goethe-Zertifikat C1 (=antigo ZMP/*Zentrale Mittelstufenprüfung*) ou superior
Diploma (PWD) (*Prüfung Wirtschaftsdeutsch International*) ou superior
Diploma DSH – 2
Diploma OD (*Oberstufe Deutsch*)

Italiano

Documentos acreditativos de superación do C1 ou superiores expedidos polas universidades públicas españolas
Diploma CELI 4 (Certificato di Conoscenza della Lingua Italiana Livello 4) e superior
Diploma CILS Tre C1 e superior
PLIDA C1 ou superior

Portugués

Documentos acreditativos de superación do C1 ou superiores expedidos polas universidades públicas españolas
DAPLE (Diploma Avançado de Português Língua Estrangeira) ou superior

ANEXO D: Diplomas admitidos para o recoñecemento do nivel C2 dunha lingua estranxeira

Inglés

Documentos acreditativos de superación do C2 expedidos polas universidades públicas españolas

Diploma CPE (Certificate of Proficiency in English)

IELTS: 7.5

TRINITY: ISE IV

University of Michigan: Certificate of Proficiency in English C2

LTE: Level 5

BULATS: 90 puntos ou superior

TOEFL PBT: 677 puntos ou superior

Francés

Documentos acreditativos de superación do C2 expedidos polas universidades públicas españolas

Diploma DALF C2 (Diplôme Approfondi de Langue Française)

Diploma TCF Niveau 6 C2 (600-699 pts)

Diploma Alliance Française DHEF C2 (*Diplôme de Hautes Études Françaises*)

Alemán

Documentos acreditativos de superación do C2 expedidos polas universidades públicas españolas

Diploma ZOP (*Zentrale Oberstufenprüfung*)

Diploma KDS (*Kleines Deutsches Sprachdiplom*)

Diploma DSH – 3

Diploma WD (*Wirtschaftssprache Deutsch*)

Italiano

Documentos acreditativos de superación do C2 expedidos polas universidades públicas españolas

Diploma CELI 5 (Certificato di Conoscenza della Lingua Italiana Livello 5)

Diploma CILS Quattro C2

Diploma PLIDA C2

Portugués

Documentos acreditativos de superación do C2 expedidos polas universidades públicas españolas

DUPLE (Diploma Universitário de Português Língua Estrangeira)

MODELO ACREDITACIÓN

PROBAS DE COMPETENCIA LINGÜÍSTICA

ACREDITACIÓN DO IDIOMA CORRESPONDENTE Ó NÍVEL B1

D./Dona, Secretario/a Xeral da Universidade de Santiago de Compostela,

CERTIFICO QUE:

O/A alumno/a: **«Alumno»** con D.N.I.: **«DNI»** que cursa/cursou os estudos de: «Estudios_galego» ten superada nesta universidade no mes de <<mes>> de <<ano>> a Proba de Competencia Lingüística correspondente ao nivel B1 realizada polo Centro de Linguas Modernas da Universidade de Santiago de Compostela.

IDIOMA: **«Idioma»**

CUALIFICACIÓN: **«Calificación»**

E para que así conste, a petición do/a interesado/a, expídese a presente certificación, previa comprobación da exactitude dos datos de referencia polo Xefe da Unidade de Xestión Académica onde se custodian, que o asina por delegación en Santiago de Compostela a,.....

O Xefe da Unidade de Xestión Académica do Campus Sur
(P.D.R. da Secretaría Xeral de 14-07-2003, DOG núm. 158 do 18 de Agosto)

Asdo/Fdo.:

PRUEBAS DE COMPETENCIA LINGÜÍSTICA

ACREDITACIÓN DE IDIOMA CORRESPONDIENTES AL NIVEL B1

D./Dona, Secretario/a Xeral da Universidade de Santiago de Compostela,

CERTIFICO QUE:

El/la alumno/a: «**Alumno**» con D.N.I.: «**DNI**» que cursa/cursó los estudios de: «Estudios» tiene superada en esta universidad en el mes de <<mes>> de <<año>> la Prueba de Competencia Lingüística correspondiente al nivel B1 realizada por el Centro de Lenguas Modernas de la Universidad de Santiago de Compostela.

IDIOMA: «**Idioma**»

CALIFICACIÓN: «**Calificación**»

Y para que así conste, a petición del/a interesado/a, se expide la presente certificación, previa comprobación de la exactitud de los datos de referencia por el Jefe de la Unidad de Gestión Académica donde se custodian, que lo firma por delegación en Santiago de Compostela a.....

El Jefe de la Unidad de Gestión Académica del Campus Sur
(P.D.R. de la Secretaria General de 14-07-2003, DOG núm. 158 del 18 de Agosto)

Asdo/Fdo.: